

ACTIVIDADE DE TRATAMENTO	Recursos electrónicos e actividades docentes virtuais
Responsable do Tratamento	Universidade de Vigo - CIF Q8650002B Campus universitario Lagoas-Marcosende s/n Edificio Exeria 36310 Vigo (Pontevedra) +34 986 812 000 <a href="mailto:informacion@uvigo.gal">informacion@uvigo.gal</a> <a href="https://www.uvigo.gal/">https://www.uvigo.gal/</a>
Delegada de Protección de Datos	Ana Garriga Domínguez Facultade de Dereito Campus universitario As Lagoas s/n 32004 Ourense +34 988 368 834 <a href="mailto:dpd@uvigo.gal">dpd@uvigo.gal</a>
Finalidade	Utilización e xestión das plataformas de teledocencia FAITIC e as aulas virtuais do campus remoto así como doutro tipo de recursos electrónicos ou servizos multimedia propios da Universidade de Vigo para o desenvolvemento da xestión das actividades docentes e dos procesos de avaliación virtuais, así como doutro tipo de actividades académicas amparadas pola normativa universitaria
Lexitimación	Regulamento xeral de protección de datos: artigo 6.1.b) Tratamento necesario para a execución dun contrato no que o interesado é parte ou para a aplicación a pedimento deste de medidas precontractuais Regulamento xeral de protección de datos: artigo 6.1.c) Tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento. Regulamento xeral de protección de datos: artigo 6.1.e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interesa público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. Regulamento xeral de protección de datos: ocasionalmente cabe o artigo 6.1.a) consentimento do interesado para un ou varios fins específicos (exemplo, a divulgación pública das clases gravadas con imaxe ou voz do alumnado) Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades. Lei 6/2013, de 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Estatutos da Universidade de Vigo. RD 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario.
Interesados	Persoal docente e investigador Persoal de administración e servizos Alumnos matriculados na Universidade de Vigo

	Alumnos e profesores visitantes doutras Universidades, entidades ou organismos
Categorías de datos	Datos de identidade: nome e apelidos, DNI/NIF, enderezo postal, enderezo electrónico, teléfono, sinatura, sinatura electrónica, imaxe, voz, Datos asociados a sistemas de clave concertados e certificado dixital Datos académicos e profesionais: titulacións, probas, exames, traballos, formación e experiencia persoal. Currículum vitae. Detalle de emprego e carreira administrativa.
Destinatarios	Os datos serán cedidos nos casos previstos legalmente cando sexa necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento. Persoas directamente relacionadas coa docencia e a avaliación académica.
Transferencias internacionais	Non se prevén
Prazo de supresión	Consérvanse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento de datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivo e documentación.  Os prazos de conservación da custodia de exames ou de gravacións das probas de avaliación no entorno virtual deberán conservarse durante o mesmo prazo indicado na normativa da Universidade de Vigo para as probas presenciais, que serán os necesarios para o desenvolvemento das finalidades descritas, durante o tempo suficiente que asegure o cumprimento dos obxectivos, así como das revisións dos exames e para dirimir as posibles responsabilidades que se puideran derivar, tendo en conta así mesmo, a normativa de arquivos.
Medidas de seguridade	É de aplicación o disposto no RD 3/2010, de 8 de xaneiro polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica.
Estrutura responsable da xestión da actividade de tratamento	Profesorado responsable de cada materia.  Área de Tecnoloxías da Información de Comunicación Edificio Exeria Campus universitario Lagoas-Marcosende 36310 Vigo (Pontevedra) <a href="https://www.uvigo.gal/universidade/servizos-informaticos">https://www.uvigo.gal/universidade/servizos-informaticos</a> <a href="https://www.uvigo.gal/es/universidad/comunicacion/uvigo-tv">https://www.uvigo.gal/es/universidad/comunicacion/uvigo-tv</a> <a href="https://faitic.uvigo.es/">https://faitic.uvigo.es/</a> <a href="https://campusremotouvigo.gal/">https://campusremotouvigo.gal/</a>